I PREMIO PARA O ANO SANTO 2027
AOS MELLORES VIDEOS DO ESTUDANTADO DA USC SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO, A CULTURA XACOBEA E AS PEREGRINACIÓNS

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen no seu artigo 4.4 que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Co obxectivo de fomentar a difusión do coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago, a cultura xacobea e as peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, e co gallo do Ano Santo 2027, cumprindo deste xeito cos fins da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC, a Vicerreitoría de Innovación e Transferencia do Coñecemento resolve convocar o **I Premio para o Ano Santo 2027 aos Mellores Vídeos do Estudantado da USC sobre unha peza cultural e/ou histórica-artística emblemática da identidade do Camiño de Santiago, a Cultura Xacobea e as Peregrinacións cunha duración de menos de cinco minutos**, nos seguintes termos:

1.- DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a este premio todo **o estudantado matriculado en titulacións de grao ou máster no curso académico 2026/2027 na USC.**

É condición inescusable para seren aceptados á consideración polo xurado que o vídeo sexa inédito e non teña sido premiado con anterioridade.

Cada estudante da USC só poderá concorrer a esta convocatoria **cun só vídeo e cal só poderá ter unha duración de menos de cinco minutos**.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2.- PREMIOS

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

Outorgarase **cinco premios** en metálico de **500 € (cincocentos euros) cada un**, acompañado do correspondente diploma acreditativo, **aos cinco mellores vídeos** prestados a esta convocatoria, que financiaranse con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións Nº 5075 4326 22900 para o exercicio 2027.

No caso de que o xurado considere que ningún dos vídeos presentados acada un nivel axeitado, poderase declarar deserto o premio.

3.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC mediante o formulario:
https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/premiosCatedrasInstitucionais2026.htm

e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación. No asunto deberá indicarse "**I Premio para o Ano Santo 2027 aos Mellores Vídeos do Estudantado da USC sobre o Camiño de Santiago, a Cultura Xacobea e as Peregrinacións**", e acompañarase a solicitude dos seguintes documentos:

- Un exemplar do vídeo en galego ou castelán con subtítulos en inglés. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace a nube ou a unha plataforma (Youtube, Vimeo, etc.) que permita a súa descarga.
- Un relatorio escrito explicativo dos contidos, titulo, mensaxes, obxectivos, público ao que va dirixido e bibliografía académica utilizada (máximo 1.000 palabras, incluíndo a bibliografía).
- Declaración responsable de que o vídeo non obtivo ningún premio anteriormente (ANEXO I)
- Declaración responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (ANEXO I)
- Autorización escrita de someter o vídeo a programas antiplaxio (ANEXO I)

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

A dirección da Cátedra resérvase o dereito a **publicar os cinco vídeos premiados no seu canal de youtube** e web.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes **abrirase o 15 de xaneiro de 2027** e **pecharase o 15 de maio de 2027.**

5.- XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do presente premio estará formado polo director e os dous co-directores da Cátedra, ou persoas nas que deleguen, e, se se estima oportuno, dous asesores designados polo director da Cátedra en función da lingua na que se presenten os vídeos.

- Criterios de valoración:
- A creatividade e orixinalidade do vídeo (25%)
- A novidade das súas achegas ao coñecemento do tema (25%)
- A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%)
- As calidades técnicas e formais do vídeo: calidade da rodaxe, dicción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico (15%)
- A bibliografía académica utilizada nos contidos do vídeo que constará no relatorio escrito (10%)

- Veredicto do xurado:

Ditarase resolución co veredicto do xurado a través da correspondente resolución, e publicarase no taboleiro electrónico da USC.
Os/as aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar alegacións.

Transcorrido este prazo ditarase resolución definitiva coa concesión dos cinco premios.

A entrega dos cinco gañadores ao "I **Premio para o Ano Santo 2027 aos Mellores Vídeos do Estudantado da USC sobre o Camiño de Santiago, a Cultura Xacobea e as Peregrinacións"** farase en acto público durante a celebración do *seminario Leccións Xacobeas Internacionais da USC* a celebrar en 2027, ou similar, organizado pola cátedra, no transcurso de cuxas sesións os premiados presentarán ao auditorio o vídeo premiado.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

Todos os vídeos presentados quedarán en poder da Cátedra do Camiño da USC, quen se reserva o dereito de empregalos para a súa exposición pública.

Os participantes serán os únicos e exclusivos responsables dos contidos dos vídeos en cantos a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio segundo as leis vixentes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data de sinatura.

Marcelo Maneiro Maneiro

Vicerreitor de Innovación e Transferencia do Coñecemento

(por delegación de competencias, RR. do 8 de maio de 2026)

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN ANTIPLAXIO

I PREMIO PARA O ANO SANTO 2027
AOS MELLORES VIDEOS DO ESTUDANTADO DA USC SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO, A CULTURA XACOBEA E AS PEREGRINACIÓNS

Nome:	DNI:
Universidade:	
Titulación:	
Título do vídeo:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

☐ Que todos os datos reflectidos na solicitude presentada son certos, podendo ser requiridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.

☐ Que o vídeo presentado é orixinal e inédito e non obtivo previamente ningún premio.

☐ Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10* da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

AUTORIZACIÓN PROGRAMAS ANTIPLAXIO

☐ Autorizo someter o vídeo a programas antiplaxio.

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento en ……., …. de ……. de 2026.

Sinatura:

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

*** Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:** Artigo 10.-Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa administración.

d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas letras b), d), e), f) e g) do apartado 2 e no apartado 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas letras a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinaranse de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa correspondente ou mediante certificación administrativa, segundo os casos. O dito documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARCELINO MANEIRO MANEIRO,
VICERREITOR DE INNOVACION E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/09/2026 13:19:22.

CSV: 62F3-6FB3-41B1-A4EF

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/62F3-6FB3-41B1-A4EF
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page